

ANUARIO BRIGANTINO

2021

N.º44



ANUARIO BRIGANTINO

Fundado por D. Francisco Vales Villamarín

Comité Científico

Ángel Arcay Barral (director)

Xosé M.^a Veiga Ferreira (subdirector)

Alberto López Fernández (secretario)

Martín Almagro Gorbea

Fernando Alonso Romero

Manuel Ares Faraldo

Manuel Ma de Artaza Montero

Pablo Cancelo López

Marta Colón Alonso

Concepción Delgado Corral

Alfredo Erias Martínez

M.^a Jesús Lorenzo Modia

Carmen Manso Porto

Xosé Luís Mosquera Camba

Manuel Núñez Rodríguez

James Duran/Séamas Ó Direáim

Carlos Pereira Martínez

Antonio Raúl de Toro

Daniel Lucas Teijeiro Mosquera

Xesús Torres Regueiro

José Manuel Vázquez Mosquera

Sempre no recordo (†):

José Antonio Fernández de Rota

Antonio Meijide Pardo

José Antonio Miguez Rodríguez

Xulio Cuns Lousa

José García Oro

Luis Monteagudo García

Xosé Ramón Barreiro Fernández

Colaboradores técnicos:

Yosune Duo Suárez

Martín Fernández Maceiras

Silvia Muíño Naveira

José Luis Pariente

Ermita Rodríguez Pérez

EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS

2021 n.º 44

Dos traballos asinados
responden os seus autores;
dos demais, a dirección do
ANUARIO BRIGANTINO

Data límite de admisión de
orixinais:
31 de MARZO

REDACCIÓN E INTERCAMBIO

Concello de Betanzos
Arquivo e Biblioteca Municipais

Rúa Emilio Romay, 1
15300 Betanzos, A Coruña

Tlf. 981 77 36 93
anuariobrigantino@betanzos.net

O *Anuario Brigantino* é unha revista de investigación, editada polo Concello de Betanzos. A presentación e a aceptación de traballos implica a cesión automática de dereitos de publicación por parte do autor, tanto en formato papel como en Internet.

Está considera na categoría “C-Normal” segundo a valoración do Ministerio de Cultura e clasificada así mesmo pola UNESCO (080000, Multidisciplinares. Humanidades). Aparece tamén integrada nas seguintes bases de datos: RISO e ISOC, esta realizada polo *Centro de Información y Documentación Científica* (C.I.N.D.O.C.) do C.S.I.C; DICE (*Difusión y Calidad Editorial de las Revistas Españolas de Humanidades y Ciencias Sociales y Jurídicas*); DIALNET (*Portal de Difusión de la Producción Científica Hispana*); RILM *Abstracts of Music Literature* (*Repertoire International de Litterature Musicale*); MIAR (*Matriu d'Informació per a l'Avaluació de Revistes*); LATINDEX (*Difusión y Calidad Editorial de las Revistas Españolas de Humanidades y Ciencias Sociales y Jurídicas*); *Ulrich's Periodicals Directory*; REBIUN (*Red de Bibliotecas Universitarias Españolas*); CARHUS Plus + 2018; RESH (*Revistas Españolas de Ciencias Sociales y Humanidades*).

Cuberta:


*Debuxo dun fragmento da fonte da
Diana Cazadora de Betanzos deseñada
por Pedro Villar.*

Contracuberta:

*Debuxo a partir fotografía de Ferrer
"Vendedoras na rúa da Porta da Vila".*

*Deseño da cuberta, composición e
maqueta: Yosune Duo Suárez.*

*Depósito legal: C-680/96
ISSN: 1130-7625
Imprime: LUGAMI*



ÍNDICE

* Gravados rupestres no concello de Paderne, polo GRUPO DE ARQUEOLOXÍA DA TERRA DETRASANCOS.....	11
* Dous machados de tope inéditos do Museo das Mariñas e o «Grupo 29» de Luis Monteagudo, por JOSÉ SUÁREZ OTERO.....	23
* Un pequeno puñal de espigo inédito del Museo das Mariñas: sobre armas, imagen y “representación” en los inicios de la Edad del Bronce, por JOSÉ SUÁREZ OTERO.....	33
* Nuevos elementos arqueológicos en Coirós (A Coruña), por DAVID FERNÁNDEZ ABELLA.....	41
* Ara romana de Perbes <i>Conventus Lucensis</i> , provincia Hispania Citerior, por FELIPE ARIAS VILAS e M. ^a DOLORES DOPICO CAÍNZOS.....	55
* Revisións y actualizacións del <i>corpus</i> de inscripciones romanas de Galicia (Hispania citerior), por JUAN MANUEL ABASCAL.....	59
* La Virgen de la Leche de Santa María de Conxo, por CARMEN MANSO PORTO.....	101
* Benfactores de la provincia de A Coruña: Los legados a los Establecimientos de Beneficencia Provincial (II), por MANUEL FIAÑO SÁNCHEZ.....	151
* Los Verederos de Betanzos 1789-1831, por ANDRÉS MOSQUERA GALÁN.....	177
* Crónica del Somatén Armado en el Partido de Betanzos (1920-1932), por JOSÉ LUIS CRESPO GARRIDO.....	185
* 10 anos do Memorial Carlos López García-Picos: a homenaxe de Betanzos ao seu músico máis internacional, por JAVIER ARES ESPÍÑO.....	233
* La restauración del retrato de Carmen Echeverría-Olaverri pintado, por Víctor Morelli, por CREA Restauración S.L.....	243
* A Porta da Vila de Betanzos: a súa demolición e ensanche, por DANIEL LUCAS TEIJEIRO MOSQUERA.....	267

* Os deportados galegos nos campos de concentración da Alemaña nazi (1940-1945). O caso da comarca de Betanzos, por ALBA GARRIDO FERNÁNDEZ e CARLOS LOZANO GONZÁLEZ.....	307
* “ <i>En las orillas del Sarela</i> ”. Exclaustración, xardín e literatura no pazo de San Lourenzo, por RICARDO VARELA.....	321
* A representación da tecnoloxía no parque do Pasatempo de Betanzos. Análise do mergullador e do dirixible, por YOSUNE DUO SUÁREZ.....	339
* Luis Cortiñas (1900-1987). Nacionalismo, republicanismo, condena e exilio, por XESÚS TORRES REGUEIRO.....	357
* As obras particulares no Arquivo municipal de Betanzos (1931-1962), por ÁNGEL ARCA Y BARRAL.....	453
* Actualizando a tradición: uns Xogos Florais do século XXI, polo grupo PESQUEDELLAS.....	479
* ACONTECEMENTOS DO ANO.....	487
* ENTIDADES CULTURAIS.....	519
* Presentación do Anuario Brigantino 2020, por ANTOLÍN SÁNCHEZ PRESEDO.....	537
* Presentación do anuario brigantino 2020: palabras de despedida do seu director (15 de outubro de 2021), por ALFREDO ERÍAS MARTÍNEZ.....	551
* Homenaxe a Alfredo Erías, pola REDACCIÓN DO ANUARIO BRIGANTINO.....	559

Presentación do Anuario Brigantino 2020

ANTOLÍN SÁNCHEZ PRESEDO*

Señora Alcaldesa en funcións; señoras e señores concelleiros, exalcaldesa e exalcaldes, exconselleiro da Xunta de Galicia, representantes das entidades copatrocinadoras (Abanca e Gadisa), director do Anuario Brigantino, amigas e amigos todos:

Participar neste acto e ter a oportunidade por segunda vez de atoparme na súa compañía é un motivo dobre de satisfacción. Cando, despois de presentar xa o Anuario na que consideraba primeira e última vez, recibín a amable invitación de facelo novamente, comprendín que era un sorriso da vida, que me traía recordos familiares.

Daba a razón ao meu pai que sempre dicía que en Betanzos nunca se toma a última rolda. Todo o máis, a penúltima. Aquí dicir adeus non é poñer punto final. Niso consiste a esperanza que Aristóteles definiu como “o soño do home esperto”. En Betanzos non nos resignamos e convertemos as despedidas en invitacións ao reencontro.

A invitación, trece anos despois da primeira, tamén demostraba que o trece pode asociarse a boas noticias. Dá tamén a razón ao meu avó paterno, a quen non coñecín, para quen o trece era o seu número favorito. Celebraba os días trece de cada mes reuníndose cos seus amigos para xantar, e se era martes 13, a xantar e cear. O seu acto máis concluínte foi descansar no número 13, pois esa é a fileira en que se atopan as urnas da familia no cemiterio municipal. Non era inxenuo, pero elixía o lado bo das cousas. En definitiva, era optimista.

A miña familia paterna coñecía-se por “os Cordero” debido ao segundo apelido do meu bisavó, Manuel Sánchez Cordero. Non reparara na súa data de defunción ata que Alfredo Erias me enviou unha copia da súa necrolóxica. Sucedeu en 1919, o ano seguinte ao comezo da pandemia que arrasou o mundo á fin da Primeira Guerra Mundial. Foron tempos terribles, máis duros aínda que os actuais. Móvennos a compartir a dor de tantas vítimas, agradecer, poder deixar atrás a crise e apreciar o inicio da recuperación. Tamén a ser conscientes do significado especial deste Anuario, exemplo de resiliencia e volta á normalidade.

A dificultade dos tempos non impediu que o Anuario acuda puntualmente á súa cita como fixo sempre desde o seu cuarto número que inaugura a súa segunda etapa. Os tres primeiros apareceron en 1948, 1949 e 1951 baixo a dirección do inesquecible Francisco Vales Villamarín, sendo alcalde de Betanzos Tomás Dapena. O cuarto, baixo a mesma dirección, houbo de esperar ata 1981, sendo alcalde Vicente de la Fuente, en cuxo mandato se editou tamén o quinto baixo a excepcional dirección conxunta de José Raimundo NúñezVarela e Xosé Antón García-Ledo. A partir de 1983 publícase ininterrompidamente baixo a dirección de Alfredo Erias, a quen nomeei para tal función como Alcalde de Betanzos e que mantivo a confianza dos catro Alcaldes posteriores: Manuel Lagares, María Faraldo, José Ramón Vázquez e María Barral, que preside actualmente a Corporación.

***Antolín Sánchez Presedo** foi Alcalde de Betanzos (1983-1985), Conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas da Xunta de Galicia e europarlamentario galego.

Un ano é unha viaxe sideral que dá para moito; poden comprobalo no Calendario da Igrexa de Santa María. Aínda que non o percibamos, durante a hora que pode durar este acto, percorrерemos na órbita solar unha distancia equivalente a dúas veces e media a volta á Terra a unha velocidade próxima aos trinta quilómetros por segundo. Nesta “*patera cósmica*”, que é como o noso querido Francisco Díaz, máis coñecido por “Pachico” -gran dinamizador cultural da nosa cidade nas últimas décadas- chama ao noso planeta, un ano é unha gran viaxe.

Un ano tan extraordinario e dramático como o 2020 coa pandemia do COVID-19 estendéndose por todas as latitudes puxo en evidencia a nosa interdependencia, fraxilidade e capacidade de resposta.

Con este Anuario péchase ademais un ciclo de case catro décadas. Por iso, na primeira parte da miña intervención falarei do seu contido e na segunda, do seu Director neste tempo, Alfredo Erias.

O Anuario Brigantino 2020 é voluminoso e sustancioso. Ten 608 páxinas e dúas decenas de excelentes traballos. Os oito primeiros, no apartado de Historia, e os doce restantes, no de Arte, Literatura e Antropoloxía. A misteriosa fotografía de Betsabé na súa cuberta é unha invitación a descubrir os achados que hoxe ofrecen os seus autores, e a fotografía da contracuberta é unha homenaxe, personificada no lembrado Xulio Cuns, a todos os colaboradores do Anuario ao longo do tempo.

As dúas primeiras páxinas reproducen as evocativas versións pictóricas que Alfredo Erias fai da famosa estela de Crecente na que se representa unha familia “céltica supertamérica” e a emperatriz romana Valeria Messalina, un recordatorio do autor a dous compoñentes da nosa historia. Tamén é un xesto feminista e un chisco á nosa alcaldesa.



A continuación farei unha breve referencia ao seu contido, autor por autor.

O **saúdo da alcaldesa María Barral** sintetiza o trágico ano da pandemia, agradece o esforzo dos que nos coidaron e facilitaron a vida e rende tributo a Alfredo Erias polo seu labor nas últimas catro décadas.

No primeiro traballo, o **Grupo de Arqueoloxía da Terra de Trasancos** atopa e estuda 47 novos paneis con gravados rupestres no concello de Vilarmaior coas primeiras representacións de armas e animais. Eu ánimoos a concertar con Alberto López Fernández, que nos acompaña, unha visita nocturna. Descubrirán que os petroglifos, como as estrelas, vense mellor pola noite. E saíran convencidos de que Vilarmaior é o campo de estrelas da comarca betanceira.

Os arqueólogos **Víctor Tomás Botella e Xosé Ramón Casal** publican os primeiros achados do edificio nº 8 da rúa do Castro. Alí detéctase un treito do foxo defensivo do Castro de Unta (o “Brigantium”) e atópanse materiais de cerámica e pedra de muiño que están hoxe no Museo das Mariñas.



O catedrático de Historia Antigua da Universidade de Alicante, **Juan Manuel Abascal**, publica *“Miliarios romanos de la provincia de Pontevedra (Hispania citerior)”*. O miliario era a columna que os romanos colocaban nas súas calzadas cada mil pasos (*“milia passuum”*, de aí deriva a palabra *“milla”*). A súa identificación forma parte do catálogo epigráfico da Galicia romana que impulsa a Fundación Luis Monteagudo con sede en Betanzos.

Fernando Alonso Romero, catedrático ad honorem da Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela publica o traballo *“El Lobishome o Vakner del ‘límite de la tierra y el mar’”* onde estuda este ser tan temido do imaxinario. No latín clásico dise *“homo homini lupus”* e non serei eu quen negue que a besta estea totalmente erradicada da nosa natureza.

O Colectivo a Rula publica o traballo *“Os montes de interese patrimonial e ambiental: atrancos e tendencias na súa ordenación multifuncional”*. Os montes ocupan dous terzos do noso territorio. Hai que darlle a benvinda a este traballo que busca a conservación dos valores naturais e patrimoniais dos montes de Galicia

Luis Alonso Álvarez, catedrático de Historia económica da Universidade da Coruña, publica o traballo *“Camiños sobor do mar: A Casa da Contratación da Coruña e as expedicións ás illas da Especiería, 1525-1564”*. Así como Sevilla tiña o monopolio do comercio con América, a Casa de Contratación da Coruña xogou un importante papel nas viaxes de exploración ás Illas da Especiería (Molucas, pertencentes na actualidade a Indonesia). A Coruña é o tradicional porto exterior de Betanzos e con esta espléndida investigación o Anuario súmase á conmemoración do 500 aniversario da histórica expedición de Magallanes (1519-1522) que culminou Juan Sebastián Elcano e foi o comenzo da globalización.

Xavier Brisset Martín publica o traballo *“Prófugos betanceiros (1900-1930): masiva migración de adolescentes fuxindo da guerra”*. Entre 1900 a 1930 máis da metade dos mozos betanceiros (unha taxa que triplica a media española) foron declarados prófugos polo concello ao non presentarse ao acto de clasificación e sorteo da súa quinta. A procura de saídas e a nefasta política militarista, que permitía a exoneración dos fillos dos ricos e que levou ao movemento “ou todos ou ningún”, poden explicalo. O meu avó materno emigrou de adolescente a Cuba e volveu para facer o servizo militar na Mariña; se tivese sido destinado ao Exército de Terra hoxe poderían desfrutar con outro presentador.

Margarita Sáenz de la Calzada, autora dun libro sobre a Residencia de Estudiantes e compoñente do padroado da Fundación Jiménez-Cossío, escribe o traballo titulado, *“La Institución Libre de Enseñanza y la quinta de San Fiz de Vixoi”* na que pon de relevo a frutífera actividade reformadora da Institución Libre de Enseñanza en Galicia co protagonismo de Giner de los Ríos e Manuel Bartolomé Cossío. A educación segue a ser clave. Os meus amigos do ensino, José Manuel Montero e Secundino Fernández, din con retrans que *“quen crea que a educación é cara, que probe coa ignorancia”*; e, xa metidos en fariña, aclaran que *“son necesarios máis recursos, pero tamén usalos ben”*. A Institución Libre de Enseñanza é unha fonte de inspiración.

O apartado de “Arte, Literatura, Antropoloxía, ...” inaugúrase por **Ramón Yzquierdo Perrín**, catedrático de Historia da Arte da Universidade da Coruña, que publica *“Iconografía del banquete: su presencia en la arquitectura de Galicia del último tercio del siglo XI a 1300”*, estudando este tipo de representacións baseadas en textos bíblicos. Como comentario lateral, na primeira representación icónica da Última Cea no Museo

de David en Xerusalén, Xesús non aparece no centro da mesa senón nunha esquina en actitude de servizo cara aos apóstolos.

Alfredo Erias Martínez, que xa descubrira a existencia do ciclo escultórico de David e Betsabé na Porta Norte da catedral de Santiago, amplía esta visión a Toulouse, onde estaba o taller nos arredores do 1100, no traballo *“O ciclo escultórico de David e Betsabé en Toulouse e en Santiago de Compostela”*. O traballo sobre a figura de David, que inspirou a Leonard Cohen o seu “Aleluia” ten moi espectaculares debuxos arqueolóxicos, na meirande parte feitos durante o tempo da concentración do COVID-19.

Francisco Singul, xefe de área da Cultura Xacobeo do Plan Xacobeo da Xunta de Galicia publica *“Triumphalis imago sancti Michaelis archangeli. El relieve de san Miguel venciendo al demonio del Museo das Mariñas de Betanzos”*, espectacular talla en madeira

de finais do século XVII ou primeiras décadas do XVIII, orixinaria probablemente da igrexa de Santa María do Azougue de Betanzos onde estaba a confraría de San Miguel do gremio de mareantes. Foi doada ó Museo das Mariñas polo fillo predilecto de Betanzos Jesús Núñez, gran artista e flamante académico, que coa súa Fundación CIEC converteu a nosa cidade nunha capital internacional das artes plásticas e que pretende que o siga sendo confiando o seu patrimonio artístico ao noso pobo.

A continuación **Felipe Debasa** e **Roberto Reigosa**, investigadores de Mondoñedo, publican *“Relojes, relojeros y estatus social”*, centrándose nun grupo de fabricantes reloxeiros do noroeste de España. Os reloxeiros foron os tecnólogos da revolución científica. Este traballo pode estimular a súa curiosidade por visitar a maquinaria do reloxo da torre municipal que está no Museo das Mariñas.

Clodio González Pérez, académico da Real Academia Galega, publica *“As carballeiras de Santiago de Compostela”*, a cidade galega con máis bosques de carballos adicados a parques públicos. Esas carballeiras acolleron a Valle Inclán, inspiraron a Rosalía e gardan vivo o espírito fraterno e igualitario do banquete de Conxo, berce do galeguismo. Seguramente gustaralle ao autor saber que o Anuario se presenta no edificio que está xunto a unha impropriadamente chamada Alameda porque, desde a remodelación feita polo meu amigo o alcalde Manuel Lagares en colaboración coa COTOP cando eu era conselleiro, é realmente unha carballeira.

Un pouco nesta liña, **Ángel Arcay**, **José Ángel Paz** e **Daniel Lucas Teijeiro** publican *“O arquivo verde: Inventario das árbores históricas de Betanzos”*, documentando árbores singulares e contextualizándoas como elementos vertebradores do urbanismo. Acollemos



esta contribución moi positivamente como símbolo dos novos tempos. Hai anos un arquivo verde podería ser causa de escándalo polas connotacións da palabra “verde”. Hoxe encaixa no concepto de sostibilidade, baseado na reconciliación coa natureza, que inclúe protexer os seus bens senlleiros.



Antolín Faraldo Asorey.
Foto do Fondo Vales Villamarín que aparece, como homenaxe, na cuberta do *Anuario Brigantino 2020*. AMB.

O decano dos alcaldes de Betanzos, o meu amigo **Vicente de la Fuente García**, presenta *“Las últimas donaciones de los Hermanos García Naveira”*, dándonos novas perspectivas da inxente labor destes benfeitores, poñendo o acento na súa filantropía, caridade e relixiosidade. Magnífico recordatorio para preservar e actualizar o seu legado.

Aproveito para deixar constancia de que como alcalde iniciiei o expediente de extinción das Fundacións que promoveron, xunto con outras que estaban abandonadas, para que o seu patrimonio ficase no Concello de Betanzos. Miguel Martínez Losada, conselleiro de Traballo e Benestar Social resolveuno favorablemente coa impecable asistencia técnica dun funcionario interino que se chamaba Alberto Núñez Feijoo.

Morto Don Juan, non se podía pedir á súa familia manter o Pasatempo. Non obstante non houbo ningunha iniciativa ata 1984. Naquel ano, coa inestimable axuda do meu entrañable amigo Jaime Lafora (descendente da familia García Naveira, firmemente comprometido en preservar o Pasatempo para os betanceiros), iniciiei como alcalde a adquisición das propiedades, que culminou dous anos despois o alcalde Manuel Lagares. O Concello convocou entón un Concurso de Ideas cuxo equipo gañador contemplaba tres grandes liñas de actuación: *“conservar, recuperar e crear”*. O seu proxecto executouse mediante Convenio polo que a Consellería da que eu era titular subvencionaba con 376

millóns de pesetas ao Concello. Isto foi o primeiro investimento dende que se concluíu o Pasatempo en 1914. Dende entón escribiuse moito pero non se investiu nada apreciable. Agardo que a declaración do Pasatempo como ben de interese cultural, a adxudicación do investimento de 485.000 euros para a primeira fase da restauración do estanque do Retiro e un ambicioso Plan Director lancen un novo ciclo virtuoso no Pasatempo que se estenda a todo o legado dos irmáns García Naveira.

O polifacético Xulio Cuns Lousa, tantos anos secretario do Anuario Brigantino, que aparece, como homenaxe, na cuberta do *Anuario Brigantino 2020*.
AMB.



Ángel Núñez Sobrino publica *“Los Sobrino: datos, noticias, producciones y aportaciones (siglos XIX y XX)”*, que é unha variada e suxestiva miscelánea familiar entre cuxos temas está o Catálogo de 1928 coa miniatura de Antolín Faraldo, que figura na solapa da portada.

A colaboración de Carlos Gegúndez López titulada *“A arte de Lourido: os trazos da súa inspiración e o ronsel de Castelao”*, rescata a vida e obra dun artista galego e prematuramente desaparecido, Manuel Fernández Lourido, e a súa relación con Castelao. Castelao mantivo unha relación especial con Betanzos, en particular co Centro Betanzos de Bos Aires, que doou ao Concello o busto que hai no Museo das Mariñas.

O prolífico investigador betanceiro, Xesús Torres Regueiro obséquianos cun novo traballo. *“As xiras por Galiza do Teatro dei Piccoli e as crónicas galegas de Renzo Massarani”*, arredor das representacións na nosa terra entre 1924 e 1957 que deron lugar a crónicas de viaxe do seu director de orquestra, publicadas primeiro na prensa italiana e logo na galega. O artista convértese en espectador, ratificando os versos de Antonio Machado *“el ojo que ves/ no es ojo porque tu lo veas/ es ojo porque te ve”*.

Pola súa parte, Isabel Rey Samartim reivindica a guitarra galega, poñendo o foco en Betanzos a través do traballo titulado, *“Guitarristas de Betanços: Breve historia da guitarra brigantina”*. Gerardo Diego dixo, *“la guitarra es un pozo con viento en lugar de agua”*. A miña vibración é que, paradoxalmente, esta colaboración non a levará o vento.

Por último, **Alfredo Erias, José M^a Veiga e Ermita Rodríguez** presentan outro arquivo betanceiro salvado e organizado, o ***“Arquivo da “Empresa de conducción de Sales do Alfól de Betanzos, de D. Manuel Martínez Vega e sucesores, no Arquivo Municipal de Betanzos”*** con documentos que van de 1722 a 1885. Trátase do pai dos famosos irmáns Martínez Santiso e documenta moi ben unha empresa importante da cidade, cunha gran área de influencia.

E remata o Anuario coa memoria das entidades culturais e cos acontecementos dun ano moi marcado polo COVID 19. Non obstante, o 13 de febreiro de 2020, Betanzos converteuse na capital mundial da música; a conmemoración do 800 aniversario do traslado de Betanzos ao Castro de Untia clausurouse cun concerto do magnífico barítono italiano Leo Nucci na Igrexa conventual de San Francisco. A súa actuación foi posible pola mediación do noso arcepreste Santiago Pérez e a predisposición xenerosa do artista, que renunciou a calquera tipo de honorarios e pediu, como única recompensa, á alcaldesa, poder compartir tres tortillas de Betanzos en torno a unha mesa. Se o noso arcepreste insiste en conseguir un órgano para Santo Domingo, cumprírase o dito popular de que *“non hai dous sen tres”* e Nucci regresará a Betanzos.

Falando de prognósticos, non dubido que o o Anuario 2021 recollerá que onte se concedeu o Premio Nacional de Narrativa ao noso conveciño Xesús Fraga pola súa marabillosa obra *“Virtudes (e misterios)”*; parabéns ao autor e á súa familia por esta noticia que enche de orgullo a todo Betanzos.

O protagonista hoxe é Alfredo Erias. Se o Anuario fose un territorio, o continente sería obra de Alfredo e unha parte significativa do seu contido. É o autor de traballos e de ilustracións, e ademais maquetador e Director. Nesta ocasión ademais porque se xubila como funcionario municipal e pecha a súa etapa como director do Museo das Mariñas, do Arquivo e Biblioteca municipais e do Anuario. Faino con naturalidade porque concibe o servizo público como unha carreira de relevos. Pode xubilarse ademais no auténtico sentido da palabra: coa satisfacción do deber cumprido, o orgullo de ter acrecentado o patrimonio cultural de Betanzos e a convicción de que tamén se pode servir aos demais desde a sociedade civil.

A súa traxectoria é limpa e coherente. Segue recoñecéndose naquel neno nado en Presedo no seo dunha familia modesta que parecía non telo fácil. Con todo, como xa advertiu o recentemente desaparecido Caballero Bonald, *“quien convive con árboles pacta con semidioses invencibles, nadie podría usurparle nunca esa heredad”*.

Aquela contorna e a música do seu pai afinaron o seu oído e a súa intelixencia. Pronto constatou que *“fai máis ruído unha árbore que cae que un bosque que crece”*. Como Wagner e Pondal, soubo que os murmurios do bosque, os cantos dos paxaros e o vento nas ramas poden converterse en linguaxe cósmica ou poética. Que a natureza, esa casa encantada, pode degradarse e tamén chegar a ser arte.

No camiño cara ao sublime, a artesanía podía ser o primeiro paso. Aos doce anos púxose a traballar como aprendiz de carpinteiro. Como *“non hai mal que por ben non veña”*, un accidente laboral devolveuno á escola e á adolescencia, unha etapa da vida que, naquel tempo, pugnaba por abrirse paso entre a nenez e a vida adulta.

O *homo faber* volvía á *faber hominis*. En Betanzos, con quince anos e compañeiros de dez, este fillo de zapateiro púxose as botas de sete leguas para facer dous cursos nun e obter as máximas cualificacións no bacharelato. A continuación licenciase en Xeografía e Historia pola Universidade de Santiago cun brillante expediente académico. Desde entón

nunca deixou de estudar e de investigar.

Cando Alfredo gañou limpamente e por méritos propios a súa oposición como arquivista bibliotecario de Betanzos en 1981, durante o mandato de Vicente de la Fuente, era o único arquivista con praza en propiedade en Galicia. Aquela primeira Corporación democrática considerou que unha cidade, na que se proxectou albergar o Arquivo do Antigo Reno de Galicia, debía con carácter urxente poñer fin á deterioración do seu patrimonio documental. Desde o século XIX sufrira a invasión francesa, o abandono oficial e o espolio de desaprensivos.

Hoxe é un Arquivo seguro, ordenado e accesible. A formidable tarefa realizada serviu de modelo e referencia para a organización de 52 arquivos municipais en Galicia nos que Alfredo Eras realizou tarefas de coordinación.

O Arquivo viuse enriquecido cos arquivos do Hospital de San Antonio, as Irmandades da Fala, Vales Villamarín e numerosas entidades e particulares da cidade. Betanzos pode presumir dunha Hemeroteca virtual que recolle toda a prensa histórica do municipio. O Arquivo conseguiu fotos, partituras e multitude de soportes con información local de interese. O éxito alcanzado é o mellor acicate para non retroceder na reintegración e captación de fondos.

A solvencia e fiabilidade do Arquivo e da Corporación brigantina foron un imán para obter doazóns e depósitos excepcionais. Mención especial merece o fondo Alvajar, no que a amizade e confianza con Alfredo Eras foron clave para conseguir o seu legado único, no que destacan os Arquivos da Delegación do Consello de Galicia para Europa e o Arquivo do Goberno da Segunda República no exilio. Así se converteu o noso Arquivo en punto de encontro de tódalas Españas.



Na sociedade dixital segue sendo válida a definición de biblioteca do escritor arxentino Borges, citando a Emerson, como *“gabinete mágico en el que están encantados los mejores espíritus de la humanidad, estos espíritus hechizados despiertan de su encantamiento cuando un lector los abre”*. A lectura proporciona gozo e coñecemento; posibilita a comunicación con outros tempos; quizais por iso Javier Cercas dedica só dúas palabras para quen non a practica: *“sentido pésame”*.

A actual Biblioteca non ten nada que ver coa destartalada, desorganizada e solitaria que se atopou no baixo do Edificio de Orfas. Nestes anos, e singularmente desde o seu novo emprazamento no Convento de Santo Domingo durante o mandato de Manuel Lagares, converteuse nun concorrido centro de estudo no que escritores e lectores falan sen ruído. Unha conversación a ritmo rápido porque as palabras adoitan lerse a máis velocidade do que se pronuncian. Conta ademais cunha Biblioteca virtual de libros antigos e de autoría ou temática betanceira. A revalorización da Biblioteca mereceu que o Concello estea a promover unha ambiciosa ampliación e actualización.

Se alguén dubida da importancia dos Museos lembrárialle a frase atribuída a Manuel Azaña. *“el Museo del Prado es más importante para España que la Monarquía y la República juntas”*.

A transformación do Museo das Mariñas durante a dirección de Alfredo Erias foi xigantesca. Máis alá dun enfoque etnográfico, a variedade e calidade de coleccións e elementos incorporados durante a dirección de Alfredo, ata superar as 4.300 pezas, foron converténdoo nun auténtico Museo de Museos.

O escritor e premio Nóbel turco Orhan Pamuk di que *“os museos de verdade son sitios nos que o tempo se transforma en espazo”*. O crecemento do Museo das Mariñas foi tan espectacular que non é desatinado pensar en novos proxectos e novos espazos.

O Apostolado da escola de Rubens, as aras romanas, a colección Seoane, os traxes galegos do desaparecido Ballet Galego “Rey de Viana” ou doados por particulares, as bandeiras das Irmandades da Fala e do Goberno da Segunda República no exilio, o busto de Castelao que reproduce a súa máscara funeraria, a colección Cossío ou o legado das Escolas García Irmáns teñen entidade museística propia.

A imprenta, o cinematógrafo, as pezas de relojería, o lagar, o alambique e ferramentas de oficios poderían dar brillo a proxectos temáticos.

O Museo ten unha excelente web que, como é habitual nos traballos de Alfredo, conta con fotos e ilustracións da súa autoría. É un froito maduro, portador de novas sementes e potencialidades.

Este Anuario pecha un longo e frutífero ciclo baixo a dirección de Alfredo Erias. Moitas grazas, Alfredo, por estes 38 Anuarios. Por alargar a memoria da nosa cidade, de Galicia e da nosa Euro-rexión. Por formar un batallón de 500 investigadores e ensaístas que defenden as nosas vidas da ignorancia e do esquecemento. Por darlle ao noso Anuario un formato moderno e unha edición esmerada, por facelo accesible a todos desde 2008, sendo alcaldesa María Faraldo, a través das redes e por convertelo na publicación máis importante da súa clase.

O Anuario é a gran avenida cultural de Betanzos. Alfredo sempre abriu as súas páxinas a quen tivese algo valioso que achegar. A inquisición, o sectarismo e a censura sempre alegan causas nobres como a relixión, a política ou a lingua e buscan permanentemente novas roupaxes para eliminar as liberdades dos demais, como a “linguaxe politicamente correcta”. Alfredo identificou os novos rostros dos vellos males. O Anuario é un exemplo de pluralismo e non un coto privado.

Símbolos de ESPAÑA e de GALICIA

Bandeira do **gobierno republicano español no exilio** (París). Foi doada, xunto cun arquivo excepcional, por **Javier Alvajar López**. Este arquivo pode consultarse e baixarse libremente na web:

<<http://archivomunicipal.betanzos.net/>>

Á dereita, bandeira da **Irmandade da Fala de Betanzos** (1917-18), probablemente deseñada por **Camilo Díaz Baliño**. É a única que se conserva en Galicia dese movemento reivindicativo que produciu a revista **Rexurdimento** e o libro dos **Xogos Frorais de Betanzos** (1918), antecedente do *Anuario Brigantino*.

Busto de **Daniel Rodríguez Castelao** (1886-1950), escritor, debuxante, pintor e político republicano (deputado galeguista independente nas Cortes Constituintes da Segunda República, 1931). Participou na constitución do *Partido Galeguista*. Morreu exiliado en Bos Aires.

Busto
doado
polo Centro
Betanzos
de Bos Aires.

A Biblioteca, o Arquivo e o Museo son fontes que inspiran e animan moitos traballos do Anuario. Este efecto sinérxico dá máis forza e profundidade á acción cultural. Este era o meu propósito cando, como Alcalde de Betanzos, deseñei o organigrama que se mantivo ata a actualidade e promovín a rehabilitación do Convento de Santo Domingo, realizada na súa maior parte e completada polo alcalde Manuel Lagares. O compromiso das sucesivas Corporacións permitiron obter resultados moi positivos. Os novos tempos requirirán un gran salto cara adiante, ampliando obxectivos, escenarios e medios; espero que se realicen plenamente.

Ao culminar esta etapa é preciso agradecer a enorme contribución que todos os traballadores, bolseiros e colaboradores prestaron. Ante a imposibilidade de citalos a todos, quixera simbolizalos en José María Veiga, a persoa máis próxima a Alfredo Erias nestes anos.

Hai dúas facetas de Alfredo Erias a subliñar. A súa condición de artista e intelectual non se limita aos traballos que figuran nas nosas institucións. Ambas están interrelacionadas.

A arte é unha manifestación elevada de humanidade. A poesía sánskrita dicía que “*ver é pensar*”. Non só ve o ollo, hai que cultivar a mirada, pensar para ver. Octavio Paz dicía: “*una tía me enseñó a ver con los ojos cerrados*”. Como os mestres, Alfredo mantivo viva a curiosidade, esperta a atención e aberto o seu espírito.

É un artista polifacético (debuxante, fotógrafo, pintor e historiador), renacentista. O debuxante arqueolóxico máis prolífico de Galicia e o pintor de series tan destacadas como “*Xente no Camiño*” ou “*Miradas do Imperio Romano*”, aínda descoñece o destino de boa parte da súa obra.

Só é intelectual o librepensador. Keynes dicía que “*é máis fácil adoptar as novas ideas que abandonar as vellas*” porque o intelectual necesita coraxe. Alfredo é un espírito independente que non gusta de dogmas, clichés ou consignas. Prefire evidencias, argumentos e preguntas. Sabe que a ciencia avanza e o coñecemento ten límites. Foi construíndo o seu propio mundo, sempre en actualización e revisión. Este animador cultural e publicista é autor dunha prolífica obra que lle abriu as portas de prestixiosas revistas e eminentes asociacións, fundacións e academias.

Esta vez o Anuario ten un colofón distinto. Na penúltima páxina hai un documento datado o pasado 15 de xullo e asinado polo director da Oficina do Peregrino, don Segundo Leonardo Pérez López, en resposta a unha petición de Alfredo Erias, como coordinador do Grupo de Amigos do Camiño Norte Orixinal (tramo Vilalba-Betanzos) no que se di que “*conforme á documentación presentada e o correspondente estudo histórico, non cabe dúbida que este traxecto forma parte do antigo Camiño Norte a Santiago de Compostela. Por isto, aos peregrinos que percorran este tramo e que cumpran as condicións acostumadas e establecidas pola Oficina de Acolida ao Peregrino concederáselles a Compostela como testemuño da súa peregrinación o Sepulcro do Apostolo Santiago*”.

Betanzos volve á súa condición de encrucillada histórica, punto de unión centenario de roteiros europeos e centro de novos encontros e iniciativas. Recobrar a memoria é, como dicía Carlos Fuentes, dispoñer do “*nombre del pasado*” e esas palabras son, como sostén Joan Manuel Serrat, “*la llave del futuro*”.

Sen memoria non hai coñecemento nin innovación. Por iso Francis Bacon dicía que “*aprender é lembrar*” e Alvaro Cunqueiro, que como bo currante non cría na inspiración nin nas musas, pero si na memoria, concibía a imaxinación como “*unha memoria deformante*”.



Por esa vida dedicada á memoria restauradora e creadora, parafraseando a Unamuno, Alfredo venceu e convenceu. Betanzos situouse como unha capital cultural de Galicia e ninguén discute a súa flamante contribución a este logro.

Hai tres figuras que o representan literaria, histórica e mitoloxicamente.

Literariamente, o fillo do músico, como o frautista de Hamelin, vaise coa música a outra parte e libra ao seu pobo da epidemia que padecía.

Historicamente, rememora ao xeneral Décimo Xuño Bruto, que cruzou o río do esquecemento e chamou desde a outra beira aos seus soldados polo seu nome, convidándoos a entrar en Galicia sen perder a memoria.

Mitoloxicamente, que tamén é poeticamente, hai que partir do nome Alfredo, que che puxo o teu padriño e co que te sentes moi identificado. A súa raíz “elf” denota unha figura élfica. Os elfos son seres poderosos de aspecto humano que se caracterizan polo culto aos antepasados e a protección da natureza. Despois de verte abrazar árbores, encaixa.

Os elfos das sagas de Tolkien e Rowling, atópanse en Shakespeare e proceden das vellas tradicións xermánicas e nórdicas. Son alleos á nosa cultura? Menéndez Pidal observou que o verso 2695 do Cantar de Mio Cid menciona a figura enigmática dunha elfa cuxa fonte sitúa na mitoloxía popular do norte da península. Elfo aparece tamén nos dicionarios da Real Academia Española e da Real Academia Galega. É coherente coa tradición do Reino Suevo de Galicia, o primeiro de Europa, e coa localización de Alfredo no mundo celta.

Había que dilucidar se Alfredo tiña, como os elfos, as orellas afiadas. Aínda que desde a infancia afinara o oído, pero había que verificar se a súa agudeza era extraordinaria.

O Himno Galego dá a clave para comprobalo. Trátase de oír o “*que din os rumorosos*” e non dar a “*esquecemento da inxuria o rudo encono*”. En definitiva, escoitar e entender a voz suave, melodiosa e profunda da Nosa Terra ao longo do tempo e dala a coñecer de forma permanente. A isto é ao que se dedicou sempre Alfredo.

De aí a súa figura élfica dos elfos galegos, “*bos e xenerosos*”, características que se lle poden atribuír por dúas razóns máis.

A súa magna tese doutoral, Iconografía de las tres iglesias góticas de Betanzos, e os seus maiores esforzos como historiador e artista dedícaos a Fernán Pérez de Andrade “O Bo”. Este apelativo pode estenderse a Alfredo cunha interpretación inversa da sentenza popular do verso 20 do Cantar de Mio Cid: “*Dios, qué buen vasallo si oviese buen señor*”.

Betanzos é a sede do arceprelado de Xanrozo. Este topónimo describe o espírito do noso pobo. Como indica o meu bo amigo e crego Manuel Ares, que sabe latín, nalgún documento antigo escribíase Genrozo, que procede de Xeneroso. Na última reforma administrativa eclesial Presedo pasa a formar parte de Xanrozo. En fin, nihil obstat para encadrar a Alfredo na familia élfica brigantina.

Non hai que ter medo a envellecer. A sabiduría popular di que para facer un bo caldo bótase man dunha galiña vella. As cepas vellas son as que dan o mellor viño. As obras mestras son xeralmente froito da experiencia. Ademais, os elfos son lonxevos e os espíritos do aire inmortais.

Tes sorte. Hai uns días, reflexionando sobre o teu papel na Fundación de quen foi o teu mentor, mestre e amigo, Luis Monteagudo, dicías: “*teño tantos proxectos que necesitaría catro vidas para realizalos*”. Pareceume o mellor esconxuro contra a clásica maldición xaponesa: “*que se cumbran todos os teus desexos*”.

Na última páxina do Anuario, Alfredo despídese cunha pintura súa na que semella identificarse cun peregrino que albisca o incerto futuro mentres aos seus pés aparece unha praia na que escribe “*Gracias Betanzos*”. Como dixeran na homenaxe que se che tributou o mes pasado, o noso pobo responde como o equipo de fútbol da cidade en que naceron os Beatles, que lembra os seus heroes cando entran ou saen do campo: “*nunca camiñarás só*”. Ou sexa, estamos contigo.

Finalizo lembrando que cada ano suceden cousas marabillosas. Galileo Galilei dicía: “*o sol arredor do cal viran tantos planetas... non se esquece de madurar un acio de uvas*”. Desexo sinceramente que nesta nova órbita desta capital ártabra, gótica e modernista do Antigo Reino de Galicia, maduren tamén os seus proxectos e os seus froitos porten a semente de novas aspiracións. Que o sol siga brillando e poidamos atoparnos de novo na presentación do Anuario Brigantino 2021.

De hoxe nun ano!



NORMAS DE PRESENTACIÓN DE ORIXINAIS DO ANUARIO BRIGANTINO

Tema

O *Anuario Brigantino* é una revista de investigación nos campos da Arqueoloxía, Historia, Historia da Arte, Historia da Literatura e Antropoloxía, podendo admitir excepcionalmente outros, segundo o criterio do Comité Científico. O ámbito de investigación primará o marco xeográfico de Betanzos e a súa comarca, sendo extensible ao resto de Galicia. Está editada polo Concello de Betanzos e a súa periodicidade é anual.

Orixinais

Os orixinais deberán ser inéditos. Oportunamente e diante de traballos de especial interese, o Comité Científico poderá contemplar a publicación de traducións, a reedición de traballos raros e/ou antigos, así como edicións corrixidas e/ou aumentadas de traballos publicados fóra da revista.

Formato, lingua e soporte

Os traballos deben enviarse por correo electrónico a anuariobrigantino@betanzos.net. Os textos remitiránse en galego, castelán, portugués ou inglés en calqueira programa de procesador de textos (Word, Open Office e similares) e as fotos en formato JPEG ou TIFF.

Extensión e ilustracións

Unha vez maquetado co estilo propio do *Anuario Brigantino*, aconséllase que o traballo non supere as 25 páxinas, se ben o Comité Científico poderá establecer as excepcións que considere oportunas.

Autor-Autores

Engadirase unha nota biográfica do autor ou autores, que non exceda as 5 liñas maquetadas. Dita nota debe incluír o correo electrónico, a institución onde presten os seus servizos e a labor que desempeñan.

Sumario e Abstract

Os orixinais deberán acompañarse dun sumario ou resumo na lingua do traballo e outro (abstract) en inglés, que non deben exceder, cada un, das 10 liñas maquetadas. Ademais haberá que escoller cinco palabras

clave que definan o contido do traballo e presentalas no idioma orixinal do traballo e na súa tradución ao inglés.

Texto

Empregarase a cursiva para aquelas palabras que se utilicen como denominacións técnicas ou sexan alleas á lingua na que se redacta o orixinal.

Utilizaranse as comiñas « ... » para as citas textuais breves (inferiores a 50 palabras); as demais irán en parágrafo á parte e sangradas na marxe esquerda sen entrecomiñar. As comiñas simples " resérvanse para conter significados. As supresións de texto nas citas indicaranse mediante tres puntos entre corchetes [...]. As intervencións do autor nas citas tamén se farán entre corchetes.

Citas bibliográficas

Citas parentéticas complementarias da bibliografía final.

No texto, entre paréntese, sitúase o apelido (ou apelidos, se se considera) do autor ou autores, con minúscula e sen a inicial do nome propio, seguido por coma, espacio e ano de publicación.

Se é preciso, despois de dous puntos, irá o número de páxina (se se sinala a primeira e a última, sepáranse por un guión). Se se trata dunha obra en varios volumes, antepoñerase o número do que corresponda ó da páxina, separados por coma. Se o envío non é a unha páxina senón a unha columna, un documento, etc. incluírase antes da cifra a abreviatura correspondente.

Exemplos: (Miguez, 2000), (García Bellido, 1943: 21), (Pastoureaux, 1988: 261-316), (Meijide, 1988: doc. 2, 38).

Cando no mesmo ano hai dúas ou máis publicacións dun mesmo autor ás que hai que referirse, colócase detrás do ano unha letra para identificalas: (Monteagudo, 2000a). Cando se inclúe o nome do autor no texto, entre parénteseponse só o ano e, se procede, as páxinas. Exemplo: Como indicou Barreiro Fernández (1984: 51)...

Se hai máis dun autor, inclúense todos ata tres, separados por comas, e se hai máisponse só o primeiro seguido de et al.

Notas ó pé

As notas ao pé aparecerán ao final do texto e non conterán referencias bibliográficas, xa que estas deberán aparecer dentro do propio texto e colocadas entre parénteses. As notas ao pé servirán unicamente para desenvolver de forma somera algunha idea ou aportación que non vaia aparecer no texto do artigo. Empregaranse as notas ao pé para citar as obras literarias antigas, as notas ao pé e os recursos electrónicos:

Recursos e edicións dixitais

Indicarase a dirección web e a data de consulta entre corchetes.

RICCIONI, Stefano (2008): «Épiconographie de l'art roman en France et en Italie (Bourgogne/Latium). L'art médiéval en tant que discours visuel et la naissance d'un nouveau langage», Bulletin du Centre d'Études Médiévales d'Auxerre, no 12 [<http://cem.revues.org/index7132.html>]. Consulta de 10-10-2008].

Notas de prensa

Poderán ir como nota ao pé indicando o título da publicación, a data de publicación, o número do exemplar e as páxinas. En caso de contar un título a nota ou a imaxe empregada, deberá ser escrito en cursiva.

Obras literarias antigas

Acoleranse ás referencias abreviadas de uso común, precedidas do nome do autor en maiúscula e do título da obra: SAN ISIDORO, Etimologías, II, 3, 5, entendéndose libro II, capítulo 3, sección 5. No caso de utilizar edicións modernas das mesmas, seguirase o formato da norma antecedente. Os textos bíblicos serán citados así: Éxodo 5, 1-2; Apocalipsis 12, 7. Pódense tamén utilizar as abreviaturas convencionais dos libros: Ex. 5, 1-2; Ap. 12, 7.

Bibliografía final

Monografías e obras colectivas

APELIDO(S), Nome completo (ano): Título en cursiva. Editorial, lugar de edición, [vol./tomo]. De existir varios autores, cada nome e apelido(s) se separarán por punto e coma. BARNAY, Sylvie (1999): Le ciel sur la terre. Les apparitions de la Vierge au Moyen Âge. Éditions du Cerf, París.

Se se trata dunha obra colectiva citada na

súa integridade, indicarase «ed./dir./coord.» entre o nome do compilador e o ano de edición.

CARRERO, Eduardo; RICO, Daniel (eds.) (2004): Catedral y ciudad medieval en la Península Ibérica. Nausicaä, Murcia.

Artigos de revistas

APELIDO(S), Nome completo (ano): «Título». Nome da revista en cursiva, vol./tomo, no, páxinas. YARZA LUACES, Joaquín (1974): «Iconografía de la Crucifixión en la miniatura española, siglos X al XII». Archivo Español de Arte, t. XLVII, no 185, pp. 13-38.

Capítulos de libros e contribucións en actas de congresos

APELIDO(S), Nome completo (ano): «Título». En: APELIDO(S), Nome completo (ed./dir./coord.): Título do libro ou volume de actas en cursiva. Editorial, Lugar de edición, [vol./tomo], páxinas. KENAANKEDAR, Nurith (1974): «The Impact of Eleanor of Aquitaine on the Visual Arts in France». En: AURELL, Martin (dir.): Culture Politique des Plantagenêt. Université de Poitiers-Centre d'Études Supérieures de Civilisation Médiévale, Poitiers, pp. 39-60.

Se o autor do capítulo coincide co autor do libro, non se reitera o nome, dándose por sobreentendido. SAUERLANDER, Willibald (1974): «Über die Komposition des Weltgerichts-Tympanons in Autun». En: Romanesque Art. Problems and Monuments. The Pindar Press, Londres, vol. I, pp. 223-267.

Catálogos de exposicións

Título da exposición en cursiva (ano), catálogo da exposición (Lugar, ano). Editorial, Lugar de edición. The Year 1200. A Centennial Exhibition at The Metropolitan Museum of Art (1970), catálogo da exposición (Nueva York, 1970). The Metropolitan Museum of Art, Nueva York.

No caso de citar unha contribución concreta dentro dun catálogo, proceder segundo a norma precedente incluíndo os datos precisos da exposición de acordo coa presente norma. CUADRADO, Marta (2001): «Virgenes abrideras». En: Maravillas de la España Medieval. Tesoro sagrado y monarquía, catálogo da exposición (León, 2000-2001). Junta de Castilla y León, vol. I, pp. 439-442.

Teses doutorais e memorias de investigación inéditas

APELIDO(S), Nome completo (ano): Título da tese en cursiva. Tese doctoral/memoria de investigación inédita, Universidade/centro de investigación.

PÉREZ HIGUERA, María Teresa (1974): Escultura gótica toledana. La catedral de Toledo (siglos XIII- XIV). Tesis doctoral inédita, Universidad Complutense de Madrid.

Edicións de fontes e obras literarias

NOME E APELIDO(S) (ano): Título en cursiva. Edición de APELIDOS, Nome (ano da edición moderna): Título da edición en cursiva. Editorial, Lugar de edición, [volume/tomo].

JOHANNES GERSON (1363-1429): Opera Omnia. Edición de DU PIN, Louis Ellies (1987): Johannes Gerson. Opera Omnia. George Olms Verlag, Hildesheim, vol. III.

Se non se pode precisar a data exacta da fonte orixinal, indicárase o século, e se tampouco fose posible indicar isto, deixárase en branco indicando ó final a data da edición moderna.

Ilustracións

As imaxes incluídas serán fotografías ou deseños libres de dereitos. En caso de reproducir imaxes xa publicadas, deberá citarse debidamente a fonte orixinal. No caso de imaxes tomadas de Internet, especificárase a dirección web e a data de captura. En todo caso, o autor do traballo será o responsable de calquera posible vulneración de dereitos. O envío das imaxes debe facerse en formato JPG ou TIFF, cunha calidade mínima que permita a súa edición e maquetación. De non ser así, poderá ser descartada. De existir un lugar determinado dentro do texto para a colocación das imaxes, debe ser indicado cunha numeración correlativa (Imaxe 1, Imaxe 2, etc.) para facilitar o traballo de edición posterior. Cada foto deberá ir acompañada dun texto para o pé de foto no que se citará a información do seguinte xeito: APELIDOS, Nome (Ano). Título ou descrición da fotografía en cursiva. Medidas, fondo.

Fig. 14. FERRER (ca.1890). Vendedoras na rúa da Porta da Vila. Arquivo Municipal de Betanzos.

Se se trata da reprodución dalgunha obra de arte o sistema será similar:

APELIDOS, Nome (Ano). Título da obra en

cursiva. Material e medidas se se coñecen. Fondo do que procede.

Fig. 15. LÓPEZ CRESPO, J. (1903). José Ildefonso Portal Montenegro. Museo das Mariñas.

Dereitos

Os autores serán sempre os responsables legais dos seus textos. Non se poderá esixir ningún tipo de remuneración económica nin a publicación do traballo supón ningún tipo de relación contractual co Concello de Betanzos.

Revisión

Será decisión do Comité Científico a publicación definitiva de cada traballo, tratando sempre de corrixir xunto co autor todos aqueles erros que sexan advertidos.

Os artigos de investigación estarán avaliados por dous expertos no tema, revisando o traballo de forma anónima seguindo o sistema de dobre cego e emitindo un informe no que se valorará a pertinencia da súa publicación.

A revista comprométese a adoptar unha decisión sobre a publicación de orixinais nun prazo de seis meses, reservándose o dereito de publicación nun prazo de dous anos, dependendo sempre das necesidades da revista.

O *Anuario Brigantino* contactará cos avaliadores aos que lles remitirá unha copia do texto sen indicio directo da identidade do autor e un modelo de informe no que se poida avaliar o contido do artigo, os aspectos formais, a calidade do texto, a clasificación tipolóxica no que deberemos encadralo e un veredicto no que se aconselle ou non a súa publicación ou a súa corrección. Estes datos poden ser enviados ao autor, tamén de forma anónima para o seu coñecemento e para favorecer as eventuais modificacións.

Corrección

Casa dos Espellos conta cun Comité de Redacción que revisará todos os textos e poderá propoñer modificacións nos mesmos aos autores, que disporán dun prazo máximo de dúas semanas para solventar os erros indicados. Non se permitirán cambios substanciais do texto entregado.